

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE MARZO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día doce de marzo de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde presidente D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acordouse adiar, para un mellor estudo, o asunto relativo á licenza para a construción dun conxunto edificatorio en dúas fases para 35 vivendas, rochos e prazas de aparcadoiro, sita na rúa Doutor Gasalla, número 29, e rúa Poeta Ramón Cabanillas, número 17 (Exp. 2022/Y001/000011).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Aprobouse a do Programa “Camiño ás aulas” nos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Lugo. Aprobáronse os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2025-C003-000009.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

3. BENESTAR SOCIAL.- Acordouse desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo do Gabinete Municipal de Accesibilidade polo que se lle denegou a excepcionalidade para un local destinado a salón de beleza situado na Praza do Rei, número 17, baixo dereita.

Fóra da orde do día:

- Deuse conta do Decreto número 2376/2025, do 11 de marzo, do Libro Único de Resolucións, sobre mantemento provisional da organización municipal reflectida no Decreto 4036/2024, do 30 de abril.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.